

FONÉTICA

1. Presentan vogal tónica semiaberta:

-As palabras rematadas en vogal tónica. (ex: café, abofé)

-Os substantivos rematados en –el; -ol e os seus plurais (ex: papel-papeis; caracol-caracois)

-As palabras rematadas en:

-ela(agás estrela)

-orio/a(ex:memoria, gloria)

-ero/a(ex: fero, sincero)

-erio/a(ex: misterio, bacteria)

-oco/a(ex: troco, muñoca)

-ola(ex:pistola)

-ote/a(ex: bigote, pelota)

-estre (ex: campestre, mestre)

-Os verbos da 2ª e 3ª conxugación con vogal radical –e-; -o-;-u- , que presentan alternancia vocálica, na 2ª, 3ª e 6ª persoas do P.I.(agás os verbos DEBER, CRER, LER que teñen todas as persoas con vogal semiaberta)

EX: bebes, corre, comen, dormen, sobe.

-As formas verbais de tema de Perfecto(Perfecto, Pluscuamperfecto, Imperfecto e Futuro de Subxuntivo) dos verbos irregulares

EX: dixera, fixesen, trouxer, puidesen

-Os nomes das seguintes letras do alfabeto: E, F, L, M , N, Ñ, O, R, S

-As palabras que levan til diacrítico, agás E (sempre aberto) e POR (sempre pechado)

-Habería que ter en conta o influxo da nasal trabante que pecha o e, aínda que se trata dun fenómeno dialectal , a súa incidenci xa é case total en toda a fala, pero só afecta a substantivos e adxectivos, nunca a verbos e adverbios (ex: dente, tamén)

-Unha palabra derivada segue mantendo a vogal semiaberta

Ex: pe-pegada ; corda-cordeiro ; pedra-pedriña

2. Presentan vogais semipechadas:

-As palabras rematadas no sufixo –és (agás REVÉS,TRAVÉS, BIES, MES, ES do verbo ser, TES do verbo ter). Ex:coruñes, maltés, fenés

-As palabras que presentan o ditongo OU.(ex: touro, tesouro, mouro)

-As palabras coa secuencia –on (agás onte, conde, pomba). Ex: lacón, ponte

-Os nomes rematados en ;

-edo (ex; medo)

-ón (ex:corazón)

-ello, agás vello (ex: cortello)

-or (ex: matador)

-eo, agás ceo (ex:feo)

-eza (ex: grandeza)

-oso, agás noso, voso (ex:fermoso)

-Os nomes das seguintes letras: B, C, D, G, P, T, X, Z

-As formas de infinitivo da 2ª conxugación. (ex: traer, coller, moer)

-Os verbos da 2ª conxugación con vogal radical –e-; -o-, que presentan alternancia vocálica, nos casos nos que non leven vogal semiaberta, agás PODER, QUERER, QUECER, ESQUECER, que sempre presentan vogal semiaberta

EX: bebo, comemos, corra

-As formas verbais de tema de Perfecto regular

EX: comera, collestes, beberdes,comese

3. Hai un grupo importante de palabras que teñen distinto timbre segundo o seu significado:

| /E/ /O/ | /e/ /o/ |
|------------------------|---------------------|
| besta (arma) | besta (animal) |
| botas (calzado) | botas (verbo) |
| bote (embarcación) | bote (verbo) |
| ceo (substantivo) | ceo (verbo) |
| cobra (serpe) | cobra (copla) |
| cocho (porco) | cocho (guarida) |
| corda (substantivo) | corda (adxectivo) |
| choro (verbo) | choro (substantivo) |
| doce (adxectivo) | doce (número) |
| ese (letra) | ese (demostrativo) |
| este (punto cardinal) | este (demostrativo) |
| fixemos (v. facer) | fixemos (v. fixar) |
| golpe (choque) | golpe (raposo) |
| lobo (parte da orella) | lobo (animal) |
| moa (peza dental) | moa (verbo) |
| neto (parente) | neto (medida) |
| oca (adxectivo) | oca (animal) |
| pega (verbo) | pega (animal) |
| pelo (verbo) | pelo (cabelo) |
| peto (verbo) | peto (substantivo) |
| podo (v. poder) | podo (v. podar) |
| rego (verbo) | rego (substantivo) |
| selo (substantivo) | selo (verbo) |
| sede (local) | sede (de beber) |
| toco/a (verbo) | toco/a (manca) |
| tola (morea) | tola (louca) |
| torta (substantivo) | torta (adxectivo) |